

# Narrativas en seda

.....  
**Sandra Parguiña**


Do 27 de agosto  
ao 15 de novembro de 2026

.....

**Casa Galega da Cultura**

CONCELLO  
DE VIGO





# Narrativas en seda

## Sandra Parguiña

.....

Esta mostra presenta tres narrativas significativas da historia de Galicia —a batalla e o tesouro de Rande; Man, o ermitán de Camelle; e o tesouro de Caldas de Reis— reinterpretadas a través do formato do pano de seda *carré*.

A proposta sitúa o pano como un dispositivo narrativo capaz de articular un diálogo entre arte, historia e deseño. Neste contexto, o soporte transcende a súa función utilitaria para adquirir unha dimensión simbólica vinculada á memoria, á conservación e á transmisión cultural.

O pano ocupa un lugar destacado no imaxinario da tradición téxtil galega, sendo doado evocar a figura da muller do rural cun pano de algodón ou liño atado á cabeza. A partir desta referencia, a mostra traslada ese vínculo afectivo e cultural ao pano de seda, reinterpretándoo desde unha perspectiva contemporánea.

A elección da seda introduce tamén unha reflexión arredor do valor simbólico do soporte. Aínda que allea á tradición téxtil galega, a seda

achega unha dimensión asociada ao coidado, á permanencia e á conservación, convertendo cada peza nun obxecto pensado para perdurar e ser transmitido. Neste sentido, a proposta conecta cunha memoria colectiva ligada ao acto de gardar: imaxes, relatos, obxectos e afectos que sobreviven ao paso do tempo.

A mostra estrutúrase arredor de dúas dimensións complementarias. Por unha banda, a reinterpretación e divulgación de relatos históricos e culturais a través da linguaxe visual. Por outra, o pano de seda como soporte material que, pola súa natureza perdurable e a súa vinculación co afectivo, favorece a conservación e a transmisión entre xeracións.

A través da ilustración e da impresión sobre seda, cada peza constrúe unha narrativa visual que activa a memoria e propón novas formas de relación co pasado. O pano configúrase así como un arquivo afectivo e cultural: un obxecto que transcende o uso para converterse en portador de significado, memoria e identidade.

# Narrativas en seda

**Sandra Parguiña**

---

## **Casa Galega da Cultura**

Praza da Princesa, 2. Vigo.

### **Do 27 de agosto ao 15 de novembro.**

Luns a venres: de 18:00 a 21:00 h.

Sábados: de 12:00 a 14:00 e de 18:00 a 21:00 h.

Domingos e festivos: de 12:00 a 14:00 h.



DESCARGA  
FOLLETO GALEGO



DESCARGA  
FOLLETO CASTELLANO



**REDE DE MUSEOS**  
**CONCELLO DE VIGO**  
Casa Galega da Cultura

**CONCELLO  
DE VIGO**

